



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP SAN FRANCISCO JAVIER
Código do centro 15025025

Ronda de Outeiro 72 15009 A Coruña

881 960 980

881 960 987

ceip.sanfrancisco@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsanfrancisco/>



CIRCULAR INFORMATIVA PARA AS FAMILIAS.

OBRAS NO CENTRO

Informámosvos de que a Consellería vai dar comezo o vindeiro luns día 13 de Novembro, ás obras de instalación do ascensor e de adaptación dos baños do alumnado.

Estas obras obrigan a reorganizar, de forma provisional mentres non se rematen, algúns aspectos do funcionamento do centro.

Afectarán a todas as plantas e en especial ás escaleiras da zona esquerda (a máis próxima ao comedor) e aos baños do alumnado (de nenos) así como o cambiador, que quedarán provisionalmente inutilizados.

As medidas de reorganización que afectan ás familias son as seguintes:

ENTRADAS

TODO O ALUMNADO REALIZARÁ AS FILAS DE ENTRADA POLO PORCHE PRINCIPAL.

Lémbrese que non se modifican as normas e que, **POR SEGURIDADE DO ALUMNADO, NON ESTÁ PERMITIDO O ACCESO DAS FAMILIAS AO RECINTO**, agás as de Infantil, 1º e 2º de Primaria, que poderán acompañar ao alumnado unicamente ata a formación das filas, tras o cal deberán abandonar o recinto.

RÓGASE QUE OS ACOMPAÑANTES NON SE SITÚEN NO PORCHE, débese deixar libre o acceso do alumnado pois é preciso todo o espazo.

Educación Infantil: o alumnado de 4º de Infantil entrará coas súas titoras pola porta da esquerda do porche, que é a máis próxima ás súas aulas.

O alumnado de 5º e 6º de E. Infantil entrará pola porta central do porche e subirán acompañados das súas titoras.

Educación Primaria: a entrada para 1º e 2º de EP realizarase pola porta da dereita

(a máis próxima a conserxería) e subirán pola escaleira da biblioteca, coma sempre.

Resto de cursos de Primaria: farán as filas no porche principal e, unha vez remate de entrar o alumnado de Infantil, subirán en orde pola escaleira central, empezando polos de 6º.

SAÍDAS

Educación Infantil:

O alumnado de 4º de EI sairá pola mesma porta pola que entra.

O alumnado de 5º e 6º baixará pola escaleira do medio para saír pola porta central do porche.

Educación Primaria:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP SAN FRANCISCO JAVIER
Código do centro 15025025

Ronda de Outeiro 72 15009 A Coruña

881 960 980

881 960 987

ceip.sanfrancisco@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsanfrancisco/>



1º, 2º e 3º baixará pola escaleira da biblioteca e sairá pola porta do porche da dereita (próxima a conserxería).

4º, 5º e 6º baixará pola escaleira central e realizará a saída sen cambios como ata o momento.

USO DOS BAÑOS

Aínda que os baños dos nenos van permanecer inutilizados en todas plantas, reorganizaremos o uso dos baños de nenas, que permanecen dispoñibles igualmente en cada planta.

Lembramos que as obras, aínda que sempre supoñen algunha molestia:

- Vanse realizar con garantías de seguridade do alumnado.
- Son necesarias para adecuar a instalación á normativa de accesibilidade.
- Van mellorar a instalación e o benestar do alumnado.

Polo tanto, pedímosvos paciencia e colaboración.

A DIRECCIÓN.